



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SERVIZOS EXPTE. 1926/2024 “ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL”

Pola providencia desta alcaldía de data 01-07-2024 iniciouse o expediente de contratación para adxudicar o contrato de servizos “**ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**”, para o cal se conta cunha subvención da Deputación da Coruña por medio da convocatoria PEL-REDE COWORKING 2024 polo importe de 19.481,00 euros.

A necesidade da contratación, así como a insuficiencia de medios xustificouse na memoria desta alcaldía de data 01-07-2024.

Á vista das características e do importe do contrato tramitouse o expediente de contratación de conformidade co previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Con respecto ás posibles prórrogas contempladas o carácter deste contrato é de tramitación anticipada, ao abeiro da Disposición adicional terceira.2 da LCSP, e quedan sometidas á condición suspensiva da efectiva existencia dos recursos cos que haberá de financiarse, cuxos efectos quedarán en suspenso ata que se verifique o cumprimento da condición da que depende a súa eficacia.

Na data de 09-07-2024 emitíuse pola intervención municipal a retención de crédito necesaria para o financiamento do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 2024.433.22706, a cal se incorpora ao expediente.

O expediente de contratación aprobouse o expediente de contratación pola resolución número 2024-0684 de data 12-07-2024, publicándose na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 12-07-2024 o anuncio, documentación preceptiva e pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

En tempo e forma presentáronse os seguintes licitadores: PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, CIF B70184882.

A mesa de contratación na reunión celebrada o día 20-08-2024 acordou o seguinte:
“Primeiro.- Elevar a proposta de adxudicación do contrato de servizos “**ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**” a favor da oferta considerada como a que presenta a mellor relación calidade prezo, coa puntuación total de 90 puntos, que





se corresponde coa presentada por PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, CIF B70184882, co prezo ofertado de 22.450,00 euros, máis 4.714,50 euros de IVE, o que totaliza a contía de 27.164,50 euros, coas melloras de aumento do número de horas de prestación semanal de 2,5 horas e aumento do orzamento destinado pola organización de actividades polo importe de 1.500 € e con suxeición á oferta presentada.

Segundo.- Requirir a PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, CIF B70184882, para que presente no prazo improrrogable de de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, a seguinte documentación:

- a) A documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) e c) do art. 140.1 LCSP, se non se presentara con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxa capacidades se recorra, sen prexuízo do disposto no apartado 3 do citado artigo, e consonte ao establecido na cláusula 16 do PCA.
- b) De dispoñer efectivamente dos medios que se comprometera a adscribir á execución do contrato conforme ao art. 76.2 LCSP e cláusula 16 do PCA, cubrindo o modelo que consta na precitada cláusula.
- c) De constituír a garantía definitiva polo 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da LCSP e cláusula 16 PCA.
- d) Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 300.000 de euros e danos a terceiros, cunha compañía aseguradora legalmente constituída, segundo a cláusula 22 PCA.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, actuándose segundo o disposto no art. 150.2 da LCSP.

Terceiro.- Publicar esta acta na Plataforma de Contratación do Sector Público.”

Formulado o requirimento ao licitador proposto como adxudicatario, en tempo e forma, presenta o día 26-08-2024 a documentación relacionada no punto segundo do acordo da mesa, incluíndo a garantía definitiva, emitindo o técnico de Administración Xeral o seu informe na data 29-08-2024, no cal se acredita que a documentación presentada é conforme co requirimento efectuado.

A intervención municipal emite o seu informe de fiscalización do expediente completo na data de 04-09-2024, coa adxudicación incluída, o cal se emite en sentido favorable.

Logo de ver o disposto na Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia será do Pleno. O valor estimado da obra é de 130.579,77 euros, polo que non excede da porcentaxe do 10% dos recursos ordinarios do vixente Orzamento Municipal para o exercicio 2024, que ascenden á contía de 859.562,86 €, polo que será o alcalde o órgano competente para aprobar o expediente de contratación e a súa adxudicación.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente





RESOLVO

Primeiro.- Adxudicar o contrato de servizos “**ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**”, expediente 1926/2024” a **PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, CIF B70184882**, ao considerar a súa oferta como a que presenta a mellor relación calidade-prezo, **no prezo anual de 22.450,00 euros, máis 4.714,50 euros de IVE, totalizando a contía de 27.164,50 euros**, coas melloras de aumento do número de horas de prestación semanal de 2,5 horas e aumento do orzamento destinado pola organización de actividades polo importe de 1.500 € e con suxeición á oferta presentada.

Segundo.- Aprobar a dispoñibilidade do gasto polo importe de 27.164,50 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2024.433.22706, con respecto á primeira anualidade e con respecto ás posibles prórrogas o carácter deste contrato será de tramitación anticipada, ao abeiro da Disposición adicional terceira.2 da LCSP, quedando sometidas á condición suspensiva da efectiva existencia dos recursos cos que haberá de financiarse, cuxos efectos quedarán en suspenso ata que se verifique o cumprimento da condición da que depende a súa eficacia e dar conta á Intervención e tesourería para as oportunas operacións contables

Terceiro.- Nomear responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62 LCSP, ao axente de emprego e desenvolvemento local municipal.

Cuarto.- Notificar en legal forma ao adxudicatario así como ao responsable do contrato e publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que se celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dar traslado aos distintos servizos administrativos da Corporación.

Na data da súa sinatura dixital.

O alcalde

José Carlos Vidal Suárez

O secretario

(dou fe aos efectos do disposto no art. 3.2 do RD. 128/2018)

Adrián J. Márquez Caramés

